



## Guía Docente

Datos Identificativos					2012/13
Asignatura (*)	Linguas do Mundo		Código	613G01030	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5	
Idioma	CastelánGalego				
Prerrequisitos					
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística				
Coordinación	Alonso Ramos, Margarita	Correo electrónico	margarita.alonso@udc.es		
Profesorado	Alonso Ramos, Margarita	Correo electrónico	margarita.alonso@udc.es		
	Fernandez Rodriguez, Mauro Andres		mauro.fernandez@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Estudo da diversidade das linguas en relación coa unidade fundamental da linguaxe, a través da exploración das principais familias lingüísticas e as súas relacións históricas, a tipoloxía lingüística e os universais lingüísticos.				

## Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer e comprender a diversidade lingüística	A1 A3 A11 A14 A15	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9	C1 C3 C4 C6 C8
Coñecer as principais familias de linguas do mundo	A3 A14 A15	B1 B3 B4 B5 B8 B9	C1 C3 C4 C8
Familiarizarse coas distintas clasificacións das linguas do mundo	A1 A3 A11 A14 A15	B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8	C1 C3 C4 C6 C8



Ser conscientes das propiedades estruturais que comparten as linguas do mundo e das propiedades que as diferencian	A1	B1	C1
	A11	B2	C3
	A14	B3	C6
		B5	C8
		B6	
		B7	
		B8	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A diversidade lingüística: cuestións básicas	1.1. ¿Que é a diversidade lingüística? 1.2. Distribución das linguas do mundo 1.3. Situacións de bilingüismo e multilingüismo 1.4. A perda da diversidade lingüística
2. As linguas por continentes	2.1. Linguas de Europa 2.2. Linguas de África 2.3. Linguas de América 2.4. Linguas de Asia, Australia e Oceanía
3. A clasificación das linguas	3.1. A clasificación xenética 3.2. A clasificación tipolóxica 3.3. Outros criterios de clasificación
4. Tipoloxía e universais	4.1. Propostas sobre universais lingüísticos 4.2. Clases de universais lingüísticos 4.3. Parámetros tipolóxicos das linguas: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	4	20	24
Sesión maxistral	15	11	26
Obradoiro	7	5	12
Proba mixta	1.5	20	21.5
Lecturas	2	23	25
Atención personalizada	4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumno deberá desenvolver as actividades avaliadas propostas. As profesoras prestaranlle axuda no momento en que o precise e demande. Unha das actividades poderán ter carácter grupal, co fin de desenvolver a capacidade de traballar en grupo de xeito colaborativo.
Sesión maxistral	As profesoras exporán os contidos xerais do tema. Potenciarase en todo momento a discusión e o debate.
Obradoiro	Constituirá a metodoloxía básica de traballo nas sesións presenciais e non presenciais. No obradoiro combinaranse distintas metodoloxías (estudos de caso, solución de problemas, discusións dirixidas...) e desenvolveranse tarefas eminentemente prácticas co apoio e supervisión das profesoras, co fin de asentir os contidos aprendidos mediante a súa aplicación.
Proba mixta	Proba que integra preguntas abertas de desenvolvemento e preguntas obxectivas de resposta breve ou múltiple, que suporá o 40% da cualificación final.



Lecturas	Conxunto de artigos e capítulos de libro seleccionados polas profesoras para a preparación dos distintos contidos da materia.
----------	---

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas Traballos tutelados Sesión maxistral Obradoiro Proba mixta	Resolución de dúbidas sobre os contidos da materia. Comentarios individuais dos distintos traballos. Tutorías de libre disposición.

## Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	O alumno deberá desenvolver as actividades avaliábeis propostas. As profesoras prestaranlle axuda no momento en que o precise e demande. Unha das actividades poderá ter carácter grupal, co fin de desenvolver a capacidade de traballar en grupo de xeito colaborativo.	30
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia e a participación na aula.	10
Obradoiro	Constituirá a metodoloxía básica de traballo nas sesións presenciais e non presenciais. No obradoiro combinaranse distintas metodoloxías (estudos de caso, solución de problemas, discusións dirixidas...) e desenvolveranse tarefas eminentemente prácticas co apoio e supervisión das profesoras, co fin de asentar os contidos aprendidos mediante a súa aplicación.	20
Proba mixta	Proba que integra preguntas abertas de desenvolvemento e preguntas obxectivas de resposta breve ou múltiple, que suporá o 40% da cualificación final.	40

## Observacións avaliación

Lea atentamente a información que segue.

- O plaxio total ou parcial pode conlevar o suspenso na materia. A información debe ser recollida, procesada e ofrecida de forma distinta á da fonte utilizada, sexa esta bibliográfica, audiovisual, persoal, a internet ou calquera outra.
- A CUALIFICACIÓN FINAL responderá ao seguinte reparto porcentual:
  - Un 40% obterase pola PROBA MIXTA que os estudantes realizarán ao remataren a materia e nas datas, horas e lugar establecidos nos horarios oficiais de exames do centro. Teñen dúas oportunidades: unha primeira ao final do primeiro cuadrimestre, e unha segunda na primeira quincena de xullo. Moi importante: os estudantes deberán obter unha puntuación mínima de 4 sobre 10 nesta proba escrita para poder superar a materia. Ningún estudante obterá o 100% da súa cualificación final con esta proba: todos serán cualificados coa distribución porcentual aquí recollida.
  - Un 50% obterase da realización das ACTIVIDADES (individuais ou grupais) ao longo do curso, que serán entregadas obrigadamente en formato electrónico, e optativamente en papel. As actividades deben entregarse nas datas fixadas: de non ser así, computarán cun 0 na primeira oportunidade, e avaliaranse (de ser o caso) na segunda.
  - Un 10% responderá á ASISTENCIA, PARTICIPACIÓN E DESEMPEÑO do estudante ao longo do curso. Observarase o aproveitamento e a evolución individual do alumno, mais tamén e moi especialmente a súa dinámica na aula, a súa forma de argumentar, a colaboración cos compañeiros e todos aqueles elementos que teñan que ver coa aprendizaxe colaborativa e o traballo en grupo.
- CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES E 2ª OPORTUNIDADE DE XULLO.
  - De suspender a materia en xaneiro por non acadar 4 puntos na proba mixta, deberá facela de novo en xullo (2ª oportunidade).
  - De suspender a materia en xaneiro por non superar ou entregar algunha/s actividade/s, deberá realizar as actividades substitutivas que se lle encomenden para a 2ª oportunidade: consideraranse superadas só aquelas nas que acadara un 5.00. Os profesores farán público en xuño de 2012 qué actividades fará cada alumno, así como unha serie de instrucións: o prazo de entrega remata coa celebración da proba mixta de xullo (2ª oportunidade.)
  - Os estudantes que non superen a materia en xaneiro e teñan unha puntuación inferior a 5 puntos no apartado de asistencia e participación, cualificaráselles co seguinte reparto porcentual na 2ª oportunidade de xullo: (i) proba mixta escrita, 50%; (ii) actividades ou tarefas avaliábeis, 50%. A mesma porcentaxe se aplicará ás persoas que teñan licenza especial que xustifique a falta de asistencia.
  - Recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) só aquelas persoas que: (a) non se presenten a ningunha das probas mixtas escritas e que, ademais, (b) entreguen unha porcentaxe igual ou superior ao 50% das actividades avaliábeis.



Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías